


Este ano tratamos ó tema *Cine e Libros*. Con esta selección de libros con película facémolles chegar o desexo dun Feliz Ano, na compañía dunha boa lectura e dunha boa película.

“El nombre de la rosa”

Escritor: **Umberto Eco**. , Ed. Lumen.

Director: **Jean-Jacques Annaud**

Guillermo de Baskerville e o novicio Adso esclarecen os crimes cometidos nunha abadía no século XIV, valéndose das características da novela gótica, policíaca e da crónica medieval ó tempo que nos ofrecen unha admirable reconstrucción desta conflictiva etapa en Occidente.



“El Mago de Oz”

Escritor: **Frank Baum**. Ed. Alianza.

Director: **Victor Fleming**

Relato cheo de fantasía e humor que da conta das peripecias de Dorothy e o seu can Toto, do Espantapaxaros, do Leñador de Folla de lata e outros personaxes no seu camiño cara á Cidade Esmeralda, onde esperan conseguir do Gran Oz a realización dos seus desexos.



“Una mente prodigiosa”

Escritora: **Sylvia Nasar**. Debolsillo

Director: **Ron Howard**

A autora conta a vida do matemático John Forbes Nash, dende os seus estudos na universidade de Princeton como alumno brillante, ata ser profesor na mesma, pasando por unha turbulenta vida privada enmarcada por brotes de esquizofrenia paranoide.





“El color púrpura”

Escritora: **Alice Walker**. Ed. Círculo de lectores
Premio Pulitzer de Novela 1983.

Director: **Steven Spielberg**

Relato da vida de Celie, que tras ser violada por seu pai, é obrigada a casar cun home brutal. So a amizade con dúas mulleres extraordinarias serve para que recobre a autoestima e a forza necesaria para perdoar.



“La lista de Schindler”

Escritor: **Thomas Keneally**. Ed. Zeta

Director: **Steven Spielberg**

Oscar Schindler, alemán, rico e amante da boa vida, constrúe un campo de concentración que era ó mesmo tempo unha fábrica, dentro da cal lograron salvarse moitos xudeus. En Xerusalén, na avenida dos Homes Xustos hai unha árbore que lembra esta historia narrada polo autor con rigor histórico.



“O lapis do carpinteiro”

Escritor: **Manuel Rivas**. Ed. Xerais

Director: **Antón Reixa**

Novela que narra a historia dun amor en tempos de guerra entre Marisa Mallo, filla dunha familia de dereitas, e o médico republicano Daniel da Barca, preso no cárcere de Santiago de Compostela.



“¿Quiere ser millonario?”

Escritor: **Vikas Swarup**

“Slumdog millionaire”

Director: **Danny Boyle**

Como pode ser que un mozo hindú de dezaoito anos, analfabeto e pobre, saiba todas as respostas do concurso máis famoso e gañe os mil millóns de rupias do premio? Neste caso o azar alíase co noso protagonista e é a súa propia vida, curta pero intensa, a que lle proporciona as respostas a través das doce historias que compoñen unha existencia na que a sórdida realidade se disfraza de *As mil e unha noites*.





UN NA DAL DE CINE